



XIV EDICIÓN DO CONCURSO DE MICRORRELATOS

“25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres”

BASES:

1. Primeira.- Participantes

Poderá participar no concurso calquera persoa que así o decida, existindo as seguintes categorías:

- 1ª Persoas menores de 18 anos, autorizadas polo pai, nai ou titor/a legal.
- 2ª Persoas de 18 anos en diante.

2. Segunda.- Temática

A temática do concurso será a eliminación da violencia contra as mulleres e a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Non se aceptarán traballos con contidos contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal ou familiar e/ou á propia imaxe das persoas, ou calquera outro que sexa contrario á legalidade vixente.

3. Terceira. Condicións da obra

- a) Os traballos presentaranse en tamaño A4, cunha extensión máxima de medio folio, preferiblemente en Times New Roman 12, en lingua galega e/ou castelá.
- b) Cada participante presentará un único traballo.
- c) Todos os traballos que se presenten serán inéditos e non presentados en anteriores concursos.
- d) A persoa participante manifesta e garante baixo a súa propia responsabilidade que é a única titular de todos os dereitos de autoría sobre o relato que presenta ao concurso e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiras persoas nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiras persoas por dereitos de autoría.

4. Cuarta.-

4.1.- Condicións de participación

A presentación de microrrelatos a concurso realizarase de forma presencial no Centro de Información ás Mulleres do Concello de Burela ou a través de correo postal ao seguinte enderezo:

Concello de Burela
Centro de Información ás Mulleres
R/ Eijo Garay, 20
27880 BURELA

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 6DGLG9P.JPR4RYEAKWF7YLMZL3 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



4.2.- Presentación dos traballos

Os relatos deberán ser presentados en **dous sobres** pechados:

O **primeiro sobre** levará:

No seu interior:

- o relato asinado co pseudónimo (quedarán excluído o relato que se asine cos datos persoais reais da persoa autora).
- o segundo sobre.

No exterior do primeiro sobre debe aparecer:

- categoría á que se concorre.
- pseudónimo co que participa.

O **segundo sobre (que debe ir pechado e deberá meterse dentro do primeiro sobre)** levará:

No exterior irá identificado co pseudónimo usado pola persoa autora, no anverso.

No interior, conterá unha folla cos seguintes datos persoais:

- Nome e apelidos da persoa autora.
- Enderezo.
- Data de nacemento.
- DNI
- Teléfono
- Enderezo de correo electrónico de contacto.
- No caso dos/as participantes da 1ª categoría, conterá a autorización para a participación no concurso asinada polo pai/nai ou titor/a.

O xurado non terá coñecemento en ningún momento da autoría de cada unha das obras.

5. Quinta.- Prazos.

O período para o envío de relatos remata o 18 de novembro de 2021 ás 14:00h.

6. Sexta.- Xurado.

O xurado deste concurso estará composto por persoas do mundo da cultura e das letras, do Concello e persoal do CIM.

Os criterios de avaliación serán o contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.

O fallo do xurado darase a coñecer antes do 25 de novembro de 2021 vía correo electrónico e/ou chamada telefónica.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 6DGLG9PJPR4RYEAKW7YLMLZL3 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



7. Sétima.- Premios.

Os premios para as persoas gañadoras serán:

1ª categoría.....	150 €
2ª categoría.....	300 €

8. Oitava.- Incompatibilidades.

A mesma persoa só poderá participar na categoría que lle corresponda por idade e non poderá aportar máis de 1 traballo.

9. Novena.- Cesión e autorización de dereitos.

Os dereitos de autoría dos relatos gañadores manteranse, pero cederanse gratuitamente ao Concello de Burela os dereitos de uso, reprodución e difusión, citando en todo momento a autoría da mesma.

Os relatos participantes poderán ser obxecto de exposición en espazos de relevo cultural e artístico do Concello de Burela e/ou nas redes sociais.

10. Décima.- Entrega de premios.

Os premios entregaranse nun acto público que se notificará ás persoas gañadoras con antelación suficiente e a data estará condicionada pola situación orixinada pola pandemia Covid-19.

11. Undécima.- Aceptación das bases.

A participación no concurso supón a plena aceptación das bases e fai responsable a cada concursante da autoría e orixinalidade do traballo presentado; para calquera decisión sobre o mesmo queda facultado o xurado do concurso e a propia Concellaría de Muller e Igualdade do Concello de Burela.

A súa decisión será inapelable.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 6DGLG9P.JPR4RYEAKWF7YL.MZL3 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3